

VIERNES, 11 de marzo de 2011

LUCES

## Risco: referencia de que e para quen?

FRANCISCO SAMPEDRO | 11 MAR 2011

Archivado en: Opinión Galicia España

Teño constancia da competencia de Olivia Rodríguez no estudo, sobre todo, da obra de Vicente Risco. Por iso mesmo discuto o seu posicionamento valorativo sobre a figura do pensador ouresán verquida neste diario baixo o título *O silencio e a luvia*. Ante todo por afirmar que se trata dunha "referencia inexcusábel" para a cultura galega. Ter que falarmos a estas alturas arredor do inequívoco pensamento reaccionario de Risco semella fóra de lugar, toda vez que existen tres textos fundamentais e brillantes, con diferentes calados e alcances, sobre o caso (Xosé Antonio Arjona, 1964; F. Bobillo, e Méndez Ferrín, 1994) pero cómpre reiterar a crítica novamente cando -por citar un caso- grupos de extrema dereita *galegos* reivindicando como referencia inexcusábel ao autor de *Mitteleuropa*. Como Olivia Rodríguez salienta que Suso de Toro (en resposta a un artigo deste) pretende botar a Risco "tamén da historia anterior a 1936", voume cinguir aos textos anteriores a esa época para lembrar o nidio compromiso *risquián* co peor das ideoloxías que abranguen ese tempo.

### 'Teoría do nazionalismo galego' anuncia larvadamente a posición esencialista ou fascista

Con efecto, a *Teoría do nazionalismo galego* (1920) pode supor para certos lectores un texto mesmo democrático, sobre todo porque alí se defende o programa das Irmandades da Fala. Porén, faise necesario fixámonos en varias proposicións que anuncian larvadamente a posición radicalmente esencialista e/ou fascista do autor. Pasemos por alto, xa que corresponde tamén a un tópico común da época, a implicación que se establece entre a exaltación do nacionalismo galego e a súa supeditación á maior gloria de Hespaña. O que xa constitúe o cerne da ideoloxía *risquiá* en xermolo amósanse deste xeito: a) a apoloxía de Chamberlain, b) o racismo explícito na diferenza unha presunta civilización mediterránea contradictoria co "espírito" galego, concretada na península co "euroafricanismo" (os españois do Sul); c) a definición do pobo galego como pobo de labradores e de mariñeiros, obviamente supeditados á elite intelectual proposta por Risco, inimigo, por outra parte e loxicamente, da civilización industrial e do chamado "modernismo"; d) a redución cualificativa de Galiza á "sedentarización rural", co corolario superestrutural da adoración da terra, expresando lirismo, sentimentalismo, espiritualismo, antirracionalismo, como factores diferenciais fronte ao "europeísmo mediterráneo, intelectualista e xeométrico". Tal esencialismo reaccionario (se non consiste de por si nun oxímoro) terá a súa continuación xa perfectamente acabada en textos anteriores ao 36. Exemplos: *A Nosa Terra* (1925), o romantismo, característico da idiosincrasia galega, coa súa compoñente irracionalista, e exaltadora do sentimento, mais do sentimento -isto acada o cumio sintomal da ideoloxía *risquiá*- non como función afectiva, senón cognoscitiva, o que emparenta a Risco cunha baixeza intelectual evidente; e) a regresión manifesta e hiperbólica amosada no seu ataque ao Renacemento, do cal xurdirían a laicización -coas súas consecuencias: racionalismo, protestantismo, positivismo, ateísmo, mesmo deísmo- e a descomposición social, con estas outras: liberalismo, democracia, socialismo e anarquismo.

O programa está servido. Así, en 1931 (*La Región*), aparece a divisa fundamental: "Galicia ceibe, enxebre e católica", e no 35 (*Alenio*) -e cómpre citar textualmente: "A idea fascista non é ruín en si [...] É un movemento nacional contra das causas de descomposición interna dunha

nación (partidos políticos, loita de clases, relaxamento dos costumes...). E da xudeofobia mellor non falar. É coñecida por todos, só que, no caso de Risco agroma con caracteres histriónicos (os xudeus son psicópatas, amargados, enfermos e de temperamento "hepático"; a saber a que se refire con isto último).

De xeito que a irremediábel conclusión é a seguinte: o que Olivia Rodríguez lle apón a Suso de Toro en tanto descualificacións cara a Risco "que son primeiro físicas e terminan sendo morais, ideolóxicas, racistas e ata existenciais..." resultan absolutamente certas. E cando a mesma autora di "Risco alertou contra o dano que poden producir os bárbaros semicultos", cómpre deducir o inverso. Isto é: o bárbaro semiculto, cargado de erudición, si, pero non de sabedoría, é o propio Risco. Erudición, amais, sumamente perigosa pola mensaxe que entraña. A súa mentalidade vaise fornecendo con elementos recollidos aquí e aló, importándolle menos a coherencia da mestura que a finalidade á que vai dirixida. E esa finalidade é, tanto consciente como inconscientemente, política, no sentido forte do termo, é dicir, non como modelo ou formalización dunha xestión determinada, mais como exposición duns principios vencellados a unha concepción global do mundo e da propia existencia toda. Concepción esotérica, mitolóxica, parafascista e finalmente nacional-católica.

Non hai que botar a Risco fóra da historia, en absoluto. Ao contrario. É preciso telo ben presente, disterar as súas contribucións etnográficas e a súa inclinación democrática inicial - pero sempre parcial e vacilante- ligada ás Irmandades da Fala, coa personaxe responsábel das páxinas máis repulsivas da historia de Galicia. Acontece, por empregar un exemplo actual, o contrario que con Céline, por outra parte un escritor inxustamente sobrevalorado. O Estado francés errou ao prohibir os actos conmemorativos do aniversario do pensador antisemita. Cómpre lembrar todo. Para saber, efectivamente, os referentes de os destinatarios de calquera discurso.

O último libro do filósofo **Francisco Sampedro** é *A violencia excedente* (Laivento, 2006)